

MATRÍCULA NO CENTRO- curso 2020/2021

ETAPA: EDUCACIÓN INFANTIL	CURSO: 4º E. I (3 AÑOS) E. INFANTIL
---------------------------	--------------------------------------

DATOS DO ALUMNO/A

APELLIDOS:	NOME:
NACIONALIDADE:	NIF:
DATA DE NACEMENTO:	LUGAR DE NACEMENTO:
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	COD.POSTAL:

DATOS DE SAÚDE

DATOS MÉDICOS SIGNIFICATIVOS (Enfermedades crónicas, alerxias, asma, diabete, minusvalía, discapacidade física, psíquica ou sensorial,...) Deben presentar un informe do pediatra sobre as vacinas subministradas e o estado xeral do neno/a.

DATOS FAMILIARES (Desde o centro partimos do exercicio conxunto da patria potestade, e neste sentido daremos información indiscriminada aos dous proxenitores; se houberse algún matiz sobre esta situación, deberá acreditarse mediante copia testemuñada da sentenza xudicial ou do convenio regulador)

PAI/TITOR:

APELLIDOS:	NOME:
DNI:	NACIONALIDADE:
DATA DE NACEMENTO:	LUGAR DE NACEMENTO:
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	COD.POSTAL:
TELÉFONO MÓBIL:	E-mail:
OUTROS TELÉFONOS:	

GARDA E CUSTODIA:..... ☐ SI ☐ NON (SÓ NO CASO QUE PROCEDA)

NAI/TITORA:

APELLIDOS:	NOME:
DNI:	NACIONALIDADE:
DATA DE NACEMENTO:	LUGAR DE NACEMENTO:
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	COD.POSTAL:
TELÉFONO MÓBIL:	E-mail:
OUTROS TELÉFONOS:	

GARDA E CUSTODIA:..... ☐ SI ☐ NON (SÓ NO CASO QUE PROCEDA)

AVISOS URXENTES NO CASO DE ALUMNOS DE EDUCACIÓN INFANTIL:

No suposto de que os pais/titores, non puideran recoller ao alumno/a, indíquenos o nome e o DNI doutras persoas autorizadas a facelo. Non poderá recoller ao alumno/a ningunha persoa que non estea debidamente autorizada.

OUTRAS PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO ALUMNO/A

NOME	DNI	TELÉFONO

INFORMACIÓN DO CENTRO Á FAMILIA

Información facilitada polas familias

A cumprimentación do presente formulario supón a permanencia no centro do curso **2020-2021**.

Incorporación

A incorporación do seu fillo/a e de vds. a este Centro e á súa comunidade educativa, como froito do seu dereito de elección de Centro e do tipo de educación que desexan para o seu fillo/a, comporta uns compromisos recíprocos.

O Centro comprométese a desenvolver o proceso educativo nun clima de acollida, atención individualizada, formación integral, respecto aos dereitos dos alumnos/as, todo isto de conformidade coa nosa proposta educativa.

Concerto e oferta educativa

O Centro está concertado coa Consellería de Educación nas ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e na ESO. Os Centros concertados están sometidos ás normas reguladoras do réxime de concertos, entre outras, o Título IV da Lei Orgánica 8/ 1985 de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e os artigos 116 e 117 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

A nosa oferta educativa está definida no Carácter Propio e no Proxecto Educativo. Ambos documentos reflicten a confesionalidade católica do Centro e todos os membros da comunidade educativa teñen dereito a coñecelos.

Normas do Centro

As normas de organización, funcionamento e convivencia no Centro están contidas no Regulamento de Réxime Interior e as súas normas de desenvolvemento son públicas e todos os membros da comunidade educativa, afectados por elas, teñen dereito a coñecelas. Os interesados poden consultar as normas de convivencia existentes e aplicables, na Secretaría do Centro.

Sinalamos aquí algunhas delas:

⇒ UNIFORME OFICIAL

O **PUNTO DE VENDA** do uniforme é:

SFERA: Rúa do Paseo 19

Consiste nas seguintes **PRENDAS**:

- En tres anos só utilizarán chándal.
- O chándal oficial do centro, coa camiseta branca co anagrama serán as únicas prendas que configurarán o uniforme. Poden usar o pantalón curto oficial de deporte; os calcetíns serán brancos de deporte; o **calzado deportivo branco**.
- A prenda de choiva ou abrigo pode ser: azul mariño, gris ou negro; os complementos (gorros, bufandas, diademas, lazos, etc) poden ser das cores do uniforme (azul e/ou gris). Á hora de elixir a roupa de abrigo hai que ter en conta que cumpra cos obxectivos xerais do uniforme de sinxeleza, austeridade e que non marque diferenzas entre os alumnos por razóns de marcas, deseños e, neste sentido, non está permitido outro xersei diferente ao do uniforme como roupa de abrigo. Sí poden traer o forro polar do uniforme.
- O mandilón co logo, que debe ter o nome do alumno visible no exterior.

VARIACIÓNS NON PERMITIDAS:

- Camisetas interiores de cores ou que teñan letras ou imaxes que se vexan a través do polo branco. As camisetas interiores non poden ser máis longas que os polos; en calquera caso, non deben verse.
- Camisa branca ou polos de colo cisne.
- Calquera xersei ou sudadera diferente á do uniforme.
- Panos, foulards e, en xeral, calquera outra prenda para o pescozo no interior do Colexio.
- Gorros, gorras ou panos de calquera tipo no interior do Colexio.
- Zapatillas de deporte negras ou color

⇒ UTILIZACIÓN DE TELÉFONOS MÓBILES NO CENTRO

Queda prohibido o uso dos teléfonos móbiles no recinto escolar, por parte dos alumnos, así como realizar grabacións de audio e vídeo con estes ou outros dispositivos similares. Excepcionalmente poderán ser utilizados con fins didácticos baixo a supervisión dun profesor.

A Dirección do centro quere alertar dos riscos da utilización de imaxes sen o consentimento do interesado, xa que pode supor un incumprimento grave do dereito á privacidade e protección de datos do menor, recaendo a responsabilidade nos pais ou titores legais do alumnado que faga un mal uso destas.

MANIFESTACIÓN DOS PROXENITORES OU TITORES LEGAIS:

- 1º. Que coñecemos e respectamos o Carácter Propio do Centro que define a súa identidade, o proxecto educativo e o Regulamento de Réxime Interior, que podemos consultar na Secretaría do Centro e aceptamos que o noso fillo/a sexa educado conforme ao estilo de educación definido en tales documentos.
- 2º. O/os firmante/s elixen libremente a escolarización do seu fillo/a nun centro de ideario católico, polo que expresamente deciden que o seu fillo reciba a materia de Relixión en todos os cursos mentres esté escolarizado no Colexio Plurilingüe La Purísima conforme ao horario disposto no currículo aprobado para cada un dos niveis educativos pola Administración Educativa.
- 3º. Que, como primeiros responsables da educación do noso fillo/a participaremos activamente no proceso educativo no ámbito escolar en base ás seguintes directrices:
 - a) Adoptando as medidas que sexan necesarias para que asista a clase con puntualidade.
 - b) Interesándonos por coñecer e apoiar a evolución do proceso educativo do noso fillo/a.
 - c) Estimulando ao noso fillo/a para que leve a cabo as tarefas e actividades de estudo que se lle encomenden.
 - d) Participando nas entrevistas e reunións ás que sexamos convocados polo Centro en relación co proceso educativo do noso fillo/a.
 - e) Informando aos responsables do Centro que, en cada caso corresponda, de aqueles aspectos da personalidade e circunstancias do noso fillo/a que afecten ou sexan relevantes para a súa formación e a súa relación cós membros do Centro e da comunidade educativa.
 - f) Respectando e facendo respectar as normas de convivencia do Centro e fomentando o respecto por todos os compoñentes da Comunidade Educativa.
- 4º. Que, salvo manifestación en contrario pola nosa parte, aceptamos a participación do noso fillo/a nas actividades escolares complementarias organizadas polo Centro (tanto dentro como fóra das nosas instalacións) para o conxunto dos alumnos do seu grupo ou nivel.
- 5º. Que os datos e información que aportamos son veraces e completos.

Actividades e servizos

O Centro organiza actividades escolares complementarias para todos os alumnos, como parte da súa oferta educativa vinculada ao Carácter Propio. A participación dos alumnos/as nestas actividades constitúen un complemento fundamental para a súa formación.

A concreción das actividades extraescolares para cada curso escolar, levarase a cabo polo Equipo Directivo. Teñen carácter voluntario e non discriminatorio.

Nas ensinanzas concertadas, as actividades complementarias, extraescolares e os servizos complementarios, así como o prezo correspondente, que non ten carácter lucrativo, é aprobado polo Consello Escolar e comunicado á Administración Educativa, ou no seu caso, autorizado pola mesma.

O Centro pon a disposición das familias un **seguro escolar de accidentes** coas coberturas que se enumeran a continuación, **sempre que haxa parte médico como condición indispensable**. A extensión das coberburas poderanse consultar na secretaría do centro:

- Rotura de gafas (límite ata 300 €, **nos casos en que haxa asistencia sanitaria**)
- Asistencia dental (límite máximo de 300 €)
- Implantación de próteses ou aparatos ortopédicos (ata un máximo de 1500 €)
- **Obxecto e extensión:** As coberturas da póliza quedan limitadas a garantir, exclusivamente, as consecuencias dos accidentes ocasionados nos seguintes casos:
 - Dentro das instalacións do centro docente, con motivo de clases, recreos; ou ben no exterior do mesmo durante paseos e visitas, excursións, saídas para convivencias, campamentos, deportes escolares non perigosos encadrados nas actividades escolares ou extraescolares do centro, e calquera outra actividade escolar ou extraescolar organizada polo Colexio ou pola súa ANPA, sempre que se leven a cabo baixo a vixianza de profesores-titores.
 - Durante o traxecto necesario que sigan os alumnos dende o seu domicilio ata o centro docente ou lugar onde se vaia realizar algunha actividade escolar e/ou extraescolar, das descritas anteriormente, e viceversa; tanto a pé como en calquera medio habitual de locomoción, excluídos ciclomotores e motocicletas.

- Quedarán garantidos os tiróns, roturas ou desgarrs musculares, torceduras e escordaduras, así como as lesións por rifas entre alumnos.
- O devandito accidente deberá notificarse na Secretaría do Centro para que se tramite o correspondente parte de accidente dentro das 24 horas seguintes ao mesmo.
- O lesionado deberá acudir sempre ao centro médico concertado aportando o parte de comunicación de accidentes cumplimentado polo centro escolar.

Información e entrevistas

Os pais/titores dos alumnos/as serán informados dos aspectos relacionados coa educación dos seus fillos ou das cuestións do Centro que lles afecten, segundo a natureza do tema, mediante aviso persoal ou comunicación xeral polos procedementos que, en cada caso se determinen (plataforma dixital, taboleiro de anuncios, circulares trasladadas polos alumnos, teléfono, correo electrónico, correo postal, etc.).

Destacar que a plataforma dixital, será o canal principal e preferente de comunicación entre o centro e as familias.

Ademáis, os pais poderán entrevistarse persoalmente coa dirección ou cos titores dos seus fillos/as no horario establecido ao efecto e previa petición de cita.

En _____, a _____ de _____ de 2020.

Asdo:

Asdo:

Pai/Titor

Nai/Titora

PRAZO DE ENTREGA:

O prazo para entregar este formulario será: **do 1 ao 10 de xullo, en secretaría, en horario de mañá de 10:00 a 13:00 horas.**

O alumno/a _____ de.....curso de ED. INFANTIL,
fai entrega de:

☐ 40,00 € en concepto de servicios accesorios

SOLICITA SERVICIO DE COMEDOR POR DÍAS FIXOS..... ☐ SI ☐ NON

Data e selo do Centro



O alumno/a _____ de..... de ED. INFANTIL,
fai entrega de:

☐ 40 ,00 € en concepto de servicios accesorios

SOLICITA SERVICIO DE COMEDOR POR DÍAS FIXOS..... ☐ SI ☐ NON

Data e selo do Centro